

Lecturas de represión, violencia e ditadura

Na actualidade, os estudos referentes á guerra civil, represión e ditadura franquista xa non son unha novidade. Certamente, abundan nas librarías os títulos deste período. Neste texto presentamos algúns deles, que abranguen varias liñas de estudo: os asasinatos e encarceramentos, os perpetradores, os golpistas, a igrexa, o exército ou o goberno nos primeiros anos corenta. Trátase de investigacións que non só explican a conxuntura galega, tamén botan luz sobre o acontecido máis alá das nosas fronteiras demostrando, unha vez máis, que desde as partes se chega ao todo. // **Gustavo Hervella**

As investigacións sobre o que hoxe é coñecida como “memoria histórica” comezaron en Galicia, aínda que non con esta denominación, a mediados dos anos setenta. As achegas de Dionisio Pereira, Manuel G. Probados, Luís Lamela, Carlos Fernández ou Bernardo Máiz, entre outros, abriron un camiño esencial tanto para os lectores, ávidos de coñecemento dunha etapa histórica ancorada no esquecemento e nas lembranzas dos máis vellos, como para os historiadores máis académicos que comezarán a estudar a represión franquista na seguinte década. A finais da ditadura levárase a cabo a recollida das lembranzas dos que sufriron cárcere, exilio ou torturas; a oralidade adquiriu, deste xeito, unha presenza indispensable en calquera dos estudos que se emprenderon. Será a mediados dos noventa cando, aos poucos, os rexistros civís de defuncións, os arquivos militares e algúns privados comezan a abrir as súas portas aos historiadores para investigar un pasado que non estaba lonxe e que, ao tempo, inflúe dun xeito determinante no presente. Deste xeito, coñécense e estúdanse as causas militares incoadas desde agosto de 1936 e que serven a Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel Dasilva, Emilio Grandío e Dionisio Pereira para realizar os estudos que aquí presentamos, os rexistros civís de defuncións onde están inscritos con fórmulas diversas os asasinados polos sublevados a partir do agosto de 1936 e cuxos datos nos amosan de novo Pereira ou Antonio Míguez, os documentos xerados pola propia administración civil franquista xa desde os primeiros momentos e que utiliza Ana Cabana para pescudar no

complejo sistema de instrumentalización que o poder realiza sobre a cidadanía e, finalmente, os arquivos relixiosos –paradoxalmente os únicos que se negan a colaborar coa investigación– que en parte son consultados por Rodríguez Lago e Lucio Martínez, aínda que este utiliza máis fontes hemerográficas.

Cando se afrontaron as primeiras investigacións sobre a represión franquista, comezouse por establecer o número de asasinados, encadeados e exiliados que se produciran en Galicia desde xullo de 1936. Tras este avance, foron aparecendo outros, os que tentaron dar explicacións do acontecido, responder aos porqués de tanta violencia, ao trunfo dos sublevados en pouco máis de vinte días e a cruenta represión que executaron. Nesta liña argumental é onde se inscriben os traballos, que de seguido presentamos e analizamos.

A historiadora Ana Cabana preséntanos *Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia*, unha investigación onde analiza como a cidadanía se foi adaptando ao novo réxime implantado en Galicia cunha extrema violencia e rachando con todo o anterior, desde as formas de relación entre os individuos até o cambio no rol dentro da estrutura da comunidade. O poder e as corruptelas que se crearon convertéronse no principal argumento e na canle máis sobresaínte para o progreso persoal. O principal obxectivo dos individuos e das familias foi o de sobrevivir. Cabana, a este respecto, refírese a consentimento e non a consenso, xa que se aquel ten aspectos deste, difire en que engade aspectos como a obediencia habitual á presión ou aos incentivos. Non podemos esquecer que estamos ante un “Estado de

vencedores”, en palabras de Ángela Cenarro, cuxa lexitimidade vén dada polo trunfo extremadamente violento nunha confrontación civil. En relación a isto, a obra de Dionisio Pereira *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)* non fai máis que corroborar a paralización, por medo, da poboación. Sinala Pereira como os sublevados e aqueles que os apoiaron foron capaces de destruír –mediante unha cruenta represión– unha sociedade como a galega, moderna e cívica onde os sindicatos de clase foran capaces de impoñer melloras á cidadanía por riba dos intereses dos patróns. Xornadas memorables como a folga mariñeira dos anos trinta, os seguros marítimos ou o pago a xornal, supuxeron cambios substanciais nas economías familiares así como unha transformación no rol que até ese momento tiñan os operarios, non só os do mar, tamén os doutras actividades produtivas –como ben sinala o propio autor noutros traballos publicados–.

A violencia exercida polos militares golpistas foi extrema. Precisamente o carácter desta e o desenvolvemento “exterminador” que os sublevados levaron a cabo é o que leva a Antonio Míguez a introducir un concepto novo neste tipo de estudos: o de xenocidio. En *Xenocidio e represión franquista en Galicia* chega a esta conclusión despois de analizar a represión desencadeada polos facciosos na retagarda galega e compárala con outras europeas, asiáticas e latinoamericanas, non só no número de vítimas que todas elas ocasionan senón tamén enfrontando a diversa documentación xerada polas ditaduras onde se establecen os parámetros de como se debe facer a “limpeza” do territorio. Refíre-

se á “violencia exterminadora” como a desencadeada polos militares sublevados e os seus acólitos contra a poboación civil ante a indiferenza ou aceptación da maioría: “O certo é que a concentración das vítimas nos primeiros meses de 1936 e ao longo de parte de 1937 proba que, dun xeito moi exitoso a maioría da poboación optou por aliñarse no bando dos verdugos”. Así e todo, xa desde agosto de 1936 non todos os detidos en cárceres e campos de concentración foron asasinados, respondendo a violencia a unha ansia de destrución do pasado e, como non, ao intento de controlar pola paralización absoluta dos individuos un territorio esencial para o triunfo na guerra pero non a unha aniquilación completa. Esta é unha das reflexións que se desprenden da lectura do traballo de Emilio Grandío, *Las columnas gallegas hacia Oviedo. Diario bélico de la guerra civil española (1936-37)*. *Diario de Faustino Vázquez Carril*. Trátase da edición dos escritos de Faustino Vázquez Carril, un soldado do exército franquista que é obrigado como tantos mozos da súa xeración a loitar para destruír a sociedade na que eles se desenvolveran como cidadáns libres. O máis destacado do seu diario non son as xornadas de loita senón a descrición da realidade social que está a desaparecer ante as bombas e as accións represivas dos militares sublevados. Unha vida moderna, onde o cine, o jazz ou a literatura están presentes na existencia de calquera mozo vilego. Escribe liñas onde agroman sentimentos “modernos” como o pacifismo que se desprende de moitas das súas afirmacións ao longo do texto: “[...] y España podrá ser el escenario de la guerra más grande del siglo y todo por culpa de unos idiotas [...] Somos peor que los perros...”. Esa mesma liña argumental observámola no estudo de Xesús Alonso Montero, *Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*. Aníbal Otero era un mozo, fillo de labregos ben establecidos de Meira, que estaba a desenvolver a súa profesión de lingüista cando acontece o golpe de estado. De ser un prometedor discípulo de Menéndez Pidal e Navarro Tomás, ten que volver, tras pasar anos na cadea, á súa aldea luguesa onde se dedicará a traballar a terra como un labrego máis. A empresa intelectual na que xunto a outros especialistas estaba traballando queda paralizada e só se retomará moi en parte en 1962. En situación semellante, aínda que menos dramática, estivo Ramón Piñeiro, encausado en 1946 por un delito contra o “Régimen”. Xosé Manuel Dasilva en *Proceso e encarceramento de Ramón Piñeiro 1946-1949*, analiza como e por que se produciu o xuízo e posterior condena a Piñeiro, cales foron as súas actividades e relacións tanto cos intelectuais exiliados como cos políticos que tentaban construír unha alternativa civil ante o que supuñan que ía suceder tras a derrota dos exércitos do Eixe en 1945. Foi el quen máis influíu para que os galeguistas fosen tidos en conta no organigrama da Repúbli-



Ramón Gómez Prieto, fogoneiro da armada executado no Arsenal de Ferrol o 17 de xuño de 1939. Proxecto Nomes e Voces // Arquivo Militar de Mariña, Ferrol

ca exiliada do mesmo xeito que o eran vascos e cataláns. A súa condena, xunto a doutros militantes antifranquistas de diferentes tendencias responde, de novo, á concepción “guerracivilista” da sociedade que o réxime ditatorial mantiña pasada xa unha década da fin da guerra. Os delitos contra o que entendían como seguridade do Estado seguen e seguirán moitos anos máis, sendo xulgados por tribunais militares. A presenza da igrexa é unha constante nestes estudos. De xeito pormenorizado, José Ramón Rodríguez Lago en *Cruzados o herejes. La religión, la Iglesia y los católicos en la Galicia de la guerra civil* e Lucio Martínez Pereda en *Propaganda, movilización e ceremonias político-relixiosas en Vigo durante a Guerra Civil* analizan desde todos os ángulos posibles a súa importancia nos acontecementos desencadeados tras o golpe de estado do verán de 1936. A análise da realidade amosa máis arestas das que ás veces se observan a simple vista. En historia,

como no resto das ciencias sociais, o investigador non pode ser maniqueísta, non debe acudir ás fontes con ideas preconcebidas. A igrexa dos anos trinta non era toda ela conservadora. Certamente, boa parte da xerarquía e moitos curas parroquiais viron como a partir de 1931 o protagonismo que durante séculos tiveran nas decisións de poder ía reducíndose paulatinamente; polo tanto a relación Igrexa-Estado era a que estaba a mudar nestes anos, non a relixiosidade popular. Este cambio, como sinala Rodríguez Lago, xa viña de anos atrás, da modernización da sociedade que a pequenos pero constantes pasos ía mudando os costumes. Aínda así, a crise relixiosa en 1936 non era tal. Nin España deixara de ser católica, nin a Igrexa estaba a perder prerrogativas entre a poboación e, desde logo, non era perseguida polo sistema. Non todos os católicos de 1936 eran integristas, e a moitos deles non lles parecía de todo mal que o Estado deixase á Igrexa máis libre, como

se manifestan o nuncio papal Federico Tedeschi ou o cardeal Francisco Vidal i Barraquer. Non obstante, serán as teses máis antimodernas e tradicionais as que acaben triunfando e a memoria transmitida e propagada polos franquistas foi a da igrexa mártir cando a realidade histórica sinala o contrario. Desde o golpe as cerimoniais relixiosas mesturadas coas políticas adquiren un protagonismo e unha presenza nas cidades galegas de primeira orde. As procesións, as rogativas, a reincorporación dos crucifixos ás escolas ou o cambio de nomenclatura das asociacións cívicas son feitos comúns xa desde agosto de 1936. Martínez Pereda achega numerosos exemplos non só en Vigo, tamén no resto da provincia de Pontevedra. A reposición da bandeira bicolor ten lugar na cidade olívica o 15 de agosto, día da Virxe, denotando unha presenza determinante da atmosfera católica no acto. O golpe de estado de xullo de 1936 non foi dos militares, nin tampouco foi unha reacción ante o anticlericalismo, foi unha sublevación protagonizada polos sectores máis conservadores e intransixentes da sociedade que construíron un discurso onde, de xeito ficticio, se identificou “alzamiento” con “cruzada”.

A destrución da sociedade galega, tanto física como politicamente, é un dos axiomas que se desprenden das investigacións referidas. Os militares que deron o golpe e aqueles que os apoiaron pretenderon e conseguiron desfacer o sistema de liberdades instaurado coa República, pero que viña de máis atrás. Crearon algo novo, asentado na vitoria da guerra e na dura e inhumana represión exercida. Asasinatos, detencións, medo e coerción foron os piares en que se construíu o edificio franquista. Había que destruír o novo, todo o que fixese referencia a Aníbal Otero e todos os intelectuais “institucionalistas”. E neste cometido a igrexa tivo un protagonismo especial, xa que soubo permeabilizar as mensaxes propagandísticas dos golpistas. O carácter exemplarizante que se lle quere dar á represión co asinato dos líderes tanto militares como sindicais e de representatividade política ten un claro significado, a paralización da sociedade, onde calquera podía ser obxecto de detención e posterior xuízo con consecuencias inimaxinables. O que narra Faustino Vázquez tras a súa volta da fronte a Monforte de Lemos, ou tras coñecer o fusilamento do seu compañeiro Mata, son uns dos múltiples exemplos existentes.

A temática da guerra civil e da represión franquista é unha das máis abundantes nas editoriais españolas e galegas. Aínda así, seguimos sen coñecer moitos dos aspectos relativos á instauración do réxime ditatorial e como a poboación o asumiu e conviviu con el. A memoria do acontecido hai setenta e cinco anos está presente, con inusitada forza, na realidade do país. Traballo como os que aquí presentamos botan luz sobre unha noite que, non obstante, segue a ser longa e escura.

Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo · Xesús Alonso Montero · Xerais, 2011 · 416 páx · 22 euros



Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia · Ana Cabana · TresCTres, 2009 · 316 páx · 17 euros



Proceso de encarceramento de Ramón Piñeiro. 1946-1949 · Xosé Manuel Dasilva · Galaxia, 2011 · 368 páx · 29 euros



Las columnas gallegas hacia Oviedo. Diario bélico de la guerra civil española (1936-1937) · Emilio Grandío · Nigratea, 2011 · 216 páx · 20 euros



Propaganda, movilización e ceremonias político-relixiosas en Vigo durante a Guerra Civil · Lucio Martínez Pereda · Instituto de Estudios Vigueses, 2011 · 283 páx · 12 euros



Xenocidio e represión na Galicia franquista · Antonio Míguez · Lóstrego, 2009 · 171 páx · 16,95 euros



Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939) · Dionísio Pereira · Xerais, 2011 · 512 páx · 23 euros



Cruzados o herejes. La religión, la iglesia y los católicos en la Galicia de la guerra civil · José Ramón Rodríguez Lago · Nigratea, 2011 · 328 páx · 30 euros

